

## DELEGADOS DE CLASE

\* Corresponde ó delegado, e na súa ausencia ó subdelegado:

- a) Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar nas súas deliberacións.
- b) Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ó que representan.
- c) Fomenta-la convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.
- d) Colaborar co profesorado e co equipo directivo do instituto para o seu bo funcionamento.
- e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto.

## XUNTA DE DELEGADOS

Integra ós delegados de tódolos grupos e mailos representantes dos alumnos no Consello Escolar. Deberá escoller un presidente e un vicepresidente.

Son competencias do **delegado que preside a Xunta**:

- a) Convocar as reunións que se precisen.
- b) Presidir as reunións e coordinar as mesmas.
- c) Responsabilizarse de que se levante acta das reunións.
- d) Facer chegar as propostas da Xunta de Delegados ós distintos órganos de dirección ou de coordinación didáctica do centro.

**A Xunta de Delegados** terá as seguintes funcións:

- a) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do instituto.
- b) Informar ós representantes do alumnado no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- c) Recibir información dos representantes do alumnado no Consello Escolar dos temas tratados nel, e das confederacións, federacións de estudantes e organizacións xuvenís legalmente constituídas.
- d) Elevar informes ó Consello Escolar, por iniciativa propia ou a petición deste.
- e) Elaborar propostas de modificación do Regulamento de réxime interno, dentro do ámbito da súa competencia.
- f) Informar ó alumnado do centro das actividades da Xunta de delegados.
- g) Formular propostas ó xefe de estudos para a elaboración dos horarios, e ó xefe do departamento de actividades complementarias e extraescolares, para a organización das mesmas.
- h) Debater os asuntos que vaia tratar o Consello Escolar no ámbito da súa competencia, e elevar propostas de resolución ós seus representantes nel.